

**DEPARTAMENTO DE FRANCÉS**  
**IES DE RIBADEO DIONISIO GAMALLO**  
**ADAPTACIÓN DA PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA**  
**CURSO 2021\_22**

Orde do 25 de xaneiro de 2022, pola que se actualiza a normativa de avaliación nas ensinanzas de educación primaria, de educación secundaria obrigatoria e de bacharelato no sistema educativo de Galicia.

## PROCEDEMENTOS DE AVALIACIÓN

### 1.- Educación Secundaria Obrigatoria.

A avaliación segue os criterios sinalados na Programación na 1ª e 2ª avaliación.

Na terceira avaliación antes o Departamento de francés establecía a cualificación final de xuño e os alumnos suspensos ían a proba extraordinaria de setembro. Esa proba extraordinaria de Setembro, entendemos se traslada a finais de xuño, aínda que non con ese nome de extraordinaria.

A calificación da 3ª avaliación será calculada co mesmo criterio previsto na programación inicial para a avaliación final ordinaria. A cualificación será a obtida na terceira avaliación, valorando así a progresión positiva do alumnado ao longo do curso. Para aprobar é necesario obter unha nota superior ou igual a 5/10.

#### Período que abrangue dende a sesión da 3ª avaliación ata a sesión da avaliación final ordinaria.

**Cada alumno e alumna que teña suspensa a terceira avaliación** será informado por escrito polo seu profesor ou profesora da materia que ten que recuperar. Para elo utilizarase o correspondente modelo de informe previsto como anexo.

Este alumnado deberá presentarse ó exame final. O nivel de dificultade será similar ó do curso. En dita proba usaremos os seguintes criterios de cualificación:

Comprensión oral	20%
Comprensión escrita	20%
Expresión escrita	20%
Expresión oral	20%
Gramática e vocabularioy	20%

Cada profesor fará as súas propias probas adaptadas o seu alumnado. Cada exame final puntuarase sobre 10, e a nota da avaliación pasará a ser o nota do correspondente exame redondeada ás unidades, sempre que sexa superior á nota que o alumno/a xa tiña na terceira avaliación, en caso contrario, non se modificará.

Nos poucos días previos a dita proba realizaremos as actividades de reforzo e apoio requiridos pola Orde para os alumnos suspensos. Para os restantes alumnos realizariamos actividades de continuidade da programación.

De tódolos os xeitos facemos as seguintes consideracións:

1. Que nas dous semanas que van dende a 3ª avaliación a avaliación final, o alumno suspenso na terceira avaliación non pode recuperar en 4 horas lectivas o que tiña que acadar o longo dun curso académico . Nas poucas horas de reforzo teremos non só que atender a ditos alumnos suspensos se non os restantes que aprobaron a materia e demandan a nosa atención.
2. Consideramos , ademais, que a ensinanza dunha lingua estranxeira e continua e acumulativa. Non é particionada coma noutras materias. Polo que consideramos que para poder recuperar con garantías o alumno necesitaría tempo e apoio adecuados, do cal non se dispón nese período abranguido entre a 3ª avaliación e a avaliación final.

**O alumnado que xa teña aprobado** non poderá presentarse a subir nota nos exames finais. Os días de exame realizará as tarefas, ben de repaso ou ben de ampliación, que lle propoña o profesorado.

### **Procedemento de avaliación final ordinaria.**

A nota da avaliación final para os alumnos que suspenderon a 3ª avaliación e se presentaron á proba será a que obteñan en dita proba. Para os restantes será a mellor das seguintes:

Nota media das avaliacións ou nota obtida na 3ª avaliación.

## 2 .Bacharelato

A avaliación segue os criterios sinalados na Programación na 1ª e 2ª avaliación.

A calificación da 3ª avaliación será calculada co mesmo criterio previsto na programación inicial para a avaliación final ordinaria. A cualificación será a media das tres avaliacións, valorando así a progresión positiva do alumnado ao longo do curso. Para aprobar é necesario obter unha nota superior ou igual a 5/10.

O alumnado que non supere a avaliación final ordinaria poderá presentarse á unha proba extraordinaria.

### **Período que abrangue dende a sesión de avaliación final ordinaria ata a sesión da avaliación final extraordinaria.**

No primeiro curso as clases deste período dedicaranse a repasar os contidos que se viron durante o curso e serviran para preparar o exame final extraordinario. Non se impartirán novos contidos e repasaranse aqueles conceptos e procedementos imprescindibles para superar a convocatoria extraordinaria.

No segundo curso as clases deste período servirán para a preparación da proba de ABAU e repaso do curso para a preparación do exame final extraordinario.

En calquera caso, o profesorado dará a coñecer ó alumnado unha planificación deste período na que consten as datas do exame final extraordinario e as clases dedicadas a súa preparación.

### **Procedemento de avaliación final extraordinaria.**

En cada un dos cursos de bacharelato o alumnado que non superara a materia na avaliación final ordinaria, realizará unha proba extraordinaria. Esta proba estará formada por preguntas de todos os contidos conceptuais e procedimentais tratados durante o curso. O peso dos contidos no conxunto da proba, será o mesmo que o previsto na Programación inicial:traballaranse as catro competencias: Actividades tipo comprensión oral, comprensión escrita, produción escrita e produción oral.

A proba considerárase superada se obtén 5/10 e será a nota final da convocatoria extraordinaria.

## ANEXO I: INFORME INDIVIDUALIZADO.

Alumno/a: \_\_\_\_\_

Materia: Segunda Lingua Estranxeira Francés

Curso: \_\_\_\_\_ de ESO. Grupo \_\_\_\_\_

Partes que o alumno/a debe recuperar nos exames finais:

Data do/s exame/s:

Observacións:

Ribadeo, a \_\_\_\_\_ de xuño de 2022.

O/A Profesor/a:

Ado.: \_\_\_\_\_